





David del Puerto. *Catedral*. Pérez Villaamil, Jenaro



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

XVI CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA

Cinco
compositores
para un museo



César Viana. *La caída de Ícaro*. Gowy, Jacob Peter




Ramón Otero Moreira. *Mariña surrealista*. Lugrís, Urbano



Hugo Gómez-Chao Porta. *Florero*. Arellano, Juan de



Israel López Estelche. *Tensión para un equilibrio*. Criado, Felipe



XVI CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2017

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre
ata completar a capacidade do local

Domingo, 7 de maio

CINCO COMPOSITORES PARA UN MUSEO

Cinco compositores contemporáneos renden homenaxe ás obras do Museo de Belas Artes da Coruña, a través da inspiración de obras da colección permanente do museo, achegando a linguaxe da música contemporánea á pintura de diferentes estilos e construíndo espazos triviais entre cadro e música; espazos onde o que se recoñece e se nomea está a medio camiño entre a abstracción da linguaxe musical e a figuración da obra visual. Aquí a música non estaría pois simplemente describindo a pintura, senón que se presenta a si mesma como materia visual. Visualízase aquilo que non se ve, vemos o que se escoita no interior de cada cadro.

PROGRAMA

Nós *

Sobre *Mariña surrealista*.
Urbano Luguís González
Poema (extracto) "De catro a catro" Manuel Antonio
Ramón Otero Moreira

Luciérnagas

de *El jardín bajo la luna*
Ramón Otero Moreira

Penas*

Sobre *A caída de Icaro*.
Jacob Peter Gowry.
Poema OVÍDIO,
Metamorfoses, VIII, 231-235
César Viana

Todo en el aire es piel

de *El tiempo menos solo*
Hugo Gómez – Chao Porta

Tres cantos sobre tensión*

Sobre *Tensión*
para un equilibrio.
Felipe Criado Martín.
Textos de *La cotidiana nada*
(2010), de Maritza Núñez
Israel López Estelche

Ventar de árboles

Ramón Otero Moreira

En el atardecer*

Sobre *Interior de catedral*.
Jenaro Pérez Villamil.
Poema de David del Puerto
David del Puerto

In memoriam

le bruit cessa...
Hugo Gómez – Chao Porta

In Time of Daffodils

César Viana

Vanitas vanitatum

con *jarrón de flores**
Sobre *Florero* de Juan de
Arellano. Poema *Estrella*
fugaz de Abraham Gragera
Hugo Gómez – Chao Porta

COMPOSITORES

David del Puerto Compositor e guitarrista, discípulo de Francisco Guerrero e Luis de Pablo. A súa produción inclúe máis de 150 obras de todos os xéneros, entre elas cinco sinfonías, dúas óperas, un ballet, numerosos concertos con solista e un importante catálogo para guitarra. En 1993 gañou os premios Fundación Gaudeamus de Amsterdam e "O ollo crítico" de Radio Nacional de España. En 2005 outorgóuselle o Premio Nacional de Música. **César Viana** Compositor, frautista, director de orquestra e musicólogo. Recibiu encargos de institucións internacionais moi diversas e, como director ou frautista, gravou para EMI classics, BMG, Philips, RCA, Strauss, Bajja records e Resonare. A atención de César Viana vai da música medieval á contemporánea, do shakuhachi xaponés ás gaitas de pastores ou do barroco á música sefardí. Todos estes elementos teñen unha importancia fundamental na súa composición. Actualmente é profesor no Centro Superior Katarina Gurska. **Israel López Estelche** Estuda composición con David del Puerto, Luis de Pablo e recibiu clases de compositores como Cristóbal Halffter ou Michael Jarrell, entre outros. Doutorado en Musicoloxía pola Universidade de Oviedo, recibiu o Premio Novos Compositores SGAE-CNDM, OSPA XX anos ou Plural Ensemble; e traballado con agrupacións e orquestras, como a OSPA, OSCyL, Oviedo Filharmonía, Onix Ensemble, CEPROMUSIC, Plural Ensemble ou Manufaktur, entre outras. **Ramón Otero Moreira** Recibe clases de Arlene Sierra, Richard Elfyn Jones, Eduardo Soutullo e David del Puerto. Obtén o Grao de Salamanca e o Diploma de Estudos Avanzados en Musicoloxía en 2009, e o Doutorado en 2012. Escribe a Música orixinal de O Tragaluz e Gardiáns do Invernadoiro. Nos últimos anos, compaxina a docencia coa composición. **Hugo Gómez-Chao Porta** Estuda composición con David del Puerto, César Viana e Sergio Luque, de dirección de orquestra con George Pehlivanian e piano con Yuri Ananiev e Bruno Vlahek. Foi subvencionado pola Fundación Katarika Gurska. Recibiu clases de compositores como Beat Furrer e Jesús Rueda e foi asistente de composición de Fabián Panisello.

INTÉRPRETES

Despina Ionescu, viola. Titulada no Conservatorio Superior de Música e Arte Plástica George Enescu lasi de Romanía. Entre 1984 e 1996 desenvolveu a súa actividade como axuda de concertino na Orquestra do Mar Negro de Constanta. Dende 1996 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia. **Alejandra Díaz, violonchelo.** Premiada coa Carnegie Palmer Award da WCOM. Obtén o Bachelor Honours Degree en 2011 e o Máster of Performance en 2014 pola Guildhall School of Music & Drama de Londres. Toca xunto á London Symphony Orchestra, a OSG, a Real Filharmonía de Galicia e a OSV430. Participa en varios festivais internacionais, e baixo a batuta de importantes directores como V. Gergiev, Sir Colin Davis ou D. Harding. **Jose Manuel Dapena, guitarra.** En 2008 debutou no Carnegie Hall de Nova York e recentemente nos festivais de guitarra de Columbia, Miami, Kiev, Madeira, Mexico, Sao Paulo, Bangkok, Kirov, Túnez, Nova Delhi, Moscú e Shangai. Dende os estudos elementais do instrumento recibiu clases do guitarrista David Russell, quen influíu de xeito transcendental na súa concepción da guitarra. **Estibaliz Espinosa, mezzosoprano.** Escritora de poesía, relato curto e ensaio, compaxina a súa actividade educativa coa musical como soprano e mezzo, ademais de escribir sobre música para a OSG.

*Obras encargo do Museo de Belas Artes da Coruña, estrea absoluta.

Agradecementos:
DAMELUME.com e CEGA Audiovisuais



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA